

INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O REGULAMENTO ORGÁNICO DA ASESORÍA XURIDICA DA XUNTA DE GALICIA, APROBADO POLO DECRETO 343/2003, DO 11 DE XULLO

Esta Secretaría Xeral Técnica, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o “*Proxecto de Decreto polo que se modifica o Regulamento orgánico da Asesoría Xuridica da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo*”, emite o seguinte,

INFORME

1. Marco normativo e competencial

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia establece no punto 1 do artigo 27 que os decretos de estrutura determinarán os distintos órganos de dirección, as competencias e as funcións dos órganos que deles dependen e, en particular, dos postos con rango de subdirección xeral e xefatura de servizo. De igual modo, o punto 5 do artigo 25 da antedita lei, establece que lle corresponde á Xunta de Galicia determinar a estrutura orgánica superior da vicepresidencia ou vicepresidencias, de existiren estas, así como das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia foi aprobado como desenvolvemento do compromiso do Goberno galego asentado en criterios de máxima eficacia e economía, optimización dos recursos públicos e racionalización na súa actuación e organización administrativa.

2. Necesidade e oportunidade

O Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, supuxo un marco de estabilidade con respecto á estrutura da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dado o bo funcionamento e os resultados acadados por esta. O referido decreto recolle, no



seu artigo 2.1, que a Vicepresidencia da Xunta de Galicia, baixo a superior dirección do seu titular, contará, para o exercicio das súas funcións, coa Asesoría Xurídica Xeral, con nivel orgánico de dirección xeral, como parte da súa estrutura orgánica.

A Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, refírese no seu capítulo IV á organización da Asesoría Xurídica Xeral, establecendo no seu artigo 35.3 que a Asesoría Xurídica do Servizo Galego de Saúde dependerá xerárquica e funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral, integrada por letrados/as da Xunta de Galicia, sen prexuízo da súa especialización e prestación de servizos no organismo.

Así mesmo, o apartado 4 do antedito artigo habilita á Xunta de Galicia para aprobar a estrutura orgánica da Asesoría Xurídica Xeral, de acordo co establecido no artigo 27.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, e para determinar os distintos órganos que dela dependen, así como as competencias e funcións dos gabinetes e das asesorías xurídicas.

O anteproxecto de decreto realiza unha modificación parcial da estrutura orgánica vixente, recollida no Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo, no relativo á organización da Asesoría Xurídica do Servizo Galego de Saúde, aos efectos de potencia-la, tendo en conta as necesidades da asistencia, representación e defensa xurídica especializada que exige o organismo.

A reforma céntrase no desdobramento dos servizos centrais da Asesoría Xurídica do Servizo Galego de Saúde.

En particular, o anteproxecto determina que nos servizos centrais existirá unha xefatura de contencioso e unha de consultivo, ambas con rango de subdirección xeral, ao fronte de cada unha das cales haberá un/ha letrado/a xefe/a. Estes órganos terán adscrito o persoal que se estableza na correspondente relación de postos de traballo.

Os servizos centrais exercerán, baixo a dirección da persoa titular da xefatura de contencioso, en relación coa defensa en xuízo do Servizo Galego de Saúde, as



funcións sinaladas nas letras a) e b) do artigo 9.1 do Decreto 343/2003, do 11 de xullo.

Así mesmo, os servizos centrais exercerán, baixo a dirección da persoa titular da xefatura de consultivo, respecto ao asesoramento xurídico do Servizo Galego de Saúde, as funcións previstas nas letras a), b), d) e f) do artigo 13.2 do Decreto 343/2003, do 11 de xullo.

Cúmprese así neste extremo coa aspiración de dotar aos servizos xurídicos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público duns medios materiais e persoais adecuados e da máxima competencia nestes ámbitos.

Polas razóns expostas o presente anteproxecto axústase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

En conclusión, a nova estrutura, plasmada neste decreto, xorde como consecuencia da necesidade de afondar na mellora continua das estruturas administrativas asumida polo actual Goberno, a fin de acadar o máximo nivel de calidade na prestación dos servizos públicos, que ten como obxectivo unha máis eficaz prestación dos mesmos así como unha destacada eficiencia na asignación dos recursos económicos.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA).

Así, a Asesoría Xurídica Xeral, centro directivo impulsor remitiu ao Servizo Técnico Xurídico o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade (artigo 41.3.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro).
- Unha memoria económico-financeira (artigo 41.3.b) da Lei 16/2010, do 17 de decembro).



- Un cadro de equivalencias/táboa de vixencias (artigo 41.3.d) da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Así mesmo, consta o acordo previo de inicio do procedemento de elaboración da dita disposición asinado pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (art. 41.1 da LOFAXGA).

Unha vez recibida a documentación e, logo do seu estudo, o Servizo Técnico- Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, elaborou o preceptivo informe (artigo 41.3 c) da LOFAXGA)

Seguidamente, o Servizo Técnico-Xurídico obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigo 41.4 da LOFAXGA).

O proxecto foi obxecto de publicidade a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto, en cumprimento do establecido nos artigos 41.5 e 42.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, en relación co artigo 9.c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Dado que se trata dun proxecto de decreto de carácter organizativo e en virtude do artigo 42.6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, non foi necesaria ningunha forma de audiencia e de información pública das establecidas no artigo 42.3 da antedita norma.

Posteriormente o Servizo Técnico-Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que debían pronunciarse sobre o texto do proxecto.

De conformidade co disposto no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, foi preciso solicitar informe económico-financeiro á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Ao tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero ao abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e do artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resultou preciso requirir informe sobre o seu impacto de xénero.

Ademais, segundo o establecido no art. 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, ao tratarse dun proxecto que afecta a estrutura orgánica, métodos de traballo, procedementos administrativos e burocráticos ou réxime de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ou do sector público autonómico requiriuse informe da Dirección Xeral de Función Pública e da Dirección Xeral de Avaliación e de Reforma Administrativa.

O 10 de decembro de 2019 emitiu o informe de impacto de xénero a Secretaría Xeral da Igualdade no que indica que non se aprecian implicación relevantes directas na perspectiva de xénero e só se estima procedente a corrección do texto en canto á utilización dunha linguaxe normativa non sexista.

O 18 de decembro de 2019 a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma administrativa emitiu o preceptivo informe sobre o proxecto de decreto.

A Dirección Xeral da Función Pública emitiu o seu informe favorable o 17 de xaneiro de 2020.

O 24 de xaneiro de 2020 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu informe favorable sobre o proxecto de decreto.

Finalizada a fase de documentación e consulta recollida previamente, o proxecto someteuse a informe da Asesoría Xurídica Xeral, que se pronunciou sobre cuestións de legalidade e técnica normativa, segundo o disposto no artigo 43.1 da LOFAXGA , emitindo o seu informe favorable o 3 de febreiro de 2020.

5. Legalidade

En cumprimento do disposto no artigo 43.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase á aprobación da persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Seguidamente, o proxecto someterase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia (artigo 43.6 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

De acordo co indicado considérase que o proxecto de “*Decreto polo que se modifica o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo*”, reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica, logo de ver a proposta do subdirector xeral de Réxime Xurídico, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, considera que o proxecto de decreto sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o informa favorablemente (artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro).

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2020

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza